

Para desenvolver a cuestión dos **límites do coñecemento en Kant**, debemos primeiro trazar as liñas principais do seu **contexto**. Desde o punto de vista filosófico está a medio camiño entre a **Ilustración** e o **Romanticismo**, e a **súa epistemoloxía supón unha síntese e unha superación de correntes filosóficas anteriores (racionalismo e empirismo)**.

Inmanuel Kant entrou na historia da filosofía pola súa contribución no ámbito da teoría do coñecemento. Foi revolucionaria a súa teoría segundo a cal o coñecemento pode ser universal e necesario, porque se basea nunhas facultades e disposicións que comparten todos os homes (un elemento innato, por tanto). Estas disposicións, non obstante, condicionannos a constituir unha particular e específica imaxe do mundo (a realidade que chama fenoménica), que non se debe confundir coa maneira como é o mundo en realidade (o nouméno).

Kant nace e vive na pequena cidade de Königsberg, daquela capital da provincia da Prusia oriental. Foi educado na relixión pietista (rigorosa rama do protestantismo). Estuda na Universidade a filosofía académica e racionalista de Wolff, e a física de Newton. Tras traballar un tempo como preceptor de fillos da nobreza prusiana, ingresa novamente na Universidade de Königsberg, agora como profesor. Non abandona esta actividade ata a súa xubilación, e xamais de moveu da súa cidade, que lle brindou un enterro de espectacular eco popular. A súa preparación integral e enciclopédica permitiulle impartir cursos de lóxica, matemática, antropoloxía, ética, xeografía, teoloxía, ciencias naturais...

Pouco a pouco foise apartando do sistema de **Wolff**, sobre todo tras a lectura de **Rousseau** e **Hume** (de cuxa lectura chegou a dicir que o despertara do soño dogmático). Como home do seu tempo, progresista e ilustrado, viu na Revolución francesa o inicio irreversible dunha nova época de liberdade e xustiza. Estas influencias reflíctense na súa obra:

***Crítica da razón pura**, na que expón a súa teoría do coñecemento e a súa reflexión sobre a metafísica

***Prolegómenos a toda metafísica futura que queira presentarse como ciencia**, onde se expoñían os mesmos contidos, pero de maneira máis accesible e áxil

***Que é a Ilustración?**, o manifesto programático fundamental deste movemento

***Fundamentación da metafísica dos costumes**, e

***Crítica da razón práctica**, as súas obras de Ética (a base da súa produción filosófica)

***Crítica do xuízo**, síntese ou superación das críticas anteriores.

O pensamento de Kant abrangue non só o campo da epistemoloxía ou a metafísica, senón fundamentalmente o da ética, e tamén a relixión. El dicía que o seu interese filosófico estaba comprendido nestas tres preguntas:

Que podo saber?

Que debo facer?

Que podo esperar se fago o que debo?

Esta preocupación pola epistemoloxía, a ética ou a relixión podía satisfacerse respondendo a unha cuestión fundamental que condensaba as outras tres:

Que é o home?

Kant considerou que a racionalidade non se limitaba ao ámbito do coñecemento, senón que tamén era extensiva ao ámbito da acción. Así, utilizou os termos **razón teórica** (ámbito do coñecemento) e **razón práctica** (ámbito da acción). Agora estámonos a referir á primeira de elas.

Sabemos que nesta época, os racionalistas sostiñan que a razón, partindo de si mesma e dos contidos innatos que posúe, pode alcanzar un coñecemento universal; por outra, os empiristas defendían que a razón só opera co material da experiencia: como este é concreto e cambiante, o noso coñecemento non pode superar a categoría de probable.

Kant, insatisfeito tanto co dogmatismo dos racionalistas como co escepticismo dalgúns empiristas, adoptou como súa a cuestión pendente da Modernidade: **como é posible o coñecemento?** Encontrou a solución nunha síntese que aceptaba, en parte, o que dicían unha corrente e a outra:

“Pero, aínda que todo o noso coñecemento comece coa experiencia, non por iso procede todo el da experiencia” (en CRP)

Os empiristas tiñan razón: sen experiencia non hai coñecemento. Agora ben, os racionalistas tampouco estaban completamente equivocados: non todo é experiencia; o suxeito que coñece proporciona algo imprescindible para que sexa posible este coñecemento. **O ser humano non se limita a recibir información, senón que constrúe el mesmo a súa imaxe do mundo.**

Para Kant, o que coñecemos non é a realidade obxectiva, senón aquilo que pasou polo noso filtro, pola nosa sensibilidade (**fenómeno**). A pesar diso, supoñemos que o fenómeno é a representación ou imaxe da realidade externa, do obxecto que a orixina. Aínda que esa crenza provén do sentido común, Kant nega a posibilidade de demostrala. A realidade é denominada por Kant realidade en si ou **noúmeno**. Para acceder a ela o suxeito tería que salir de si mesmo e comprobar se o fenómeno se corresponde con aquilo do que se supón que é representación. Como este paso é imposible, o noúmeno convértese no límite do coñecemento, naquilo que permanece misteriosamente inaccesible. (Lembra o exemplo da lámpara e o círculo de luz...)

A este enfoque filosófico se lle denomina **fenomenoloxía**. A importancia que lle outorga Kant ao suxeito e as súas formas *a priori* no proceso de coñecemento se coñece con nome de **Idealismo trascendental**: idealismo porque só as ideas ou estruturas mentais do suxeito (o espazo e o tempo e as categorías) permiten o coñecemento; trascendental porque estas ideas son universais e transcenden o caso concreto, xa que teñen carácter *a priori*.

(Pausa para café)

Para Kant, entusiasta da física newtoniana, era necesario encontrar a maneira de validar e lexitimar os progresos que, na súa época, a ciencia estaba experimentando. Este será o obxectivo da súa obra máis importante: a **Crítica da razón pura**. Nela, desenvolve unha teoría dos xuízos: un **xuízo** é a atribución de propiedades (predicado) a un suxeito; se pretendemos que sexa **científico**, ha ser

- extensivo (amplía o noso coñecemento do mundo)
- universal e necesario (válido en todo momento e lugar)

Segundo Kant, son xuízos que por ser **sintéticos**, son extensivos (amplían o noso coñecemento) e, por ser **a priori**, gozan de validez universal. Así son os xuízos das ciencias, como matemáticas e física. A tipoloxía dos xuízos que establece Kant representase neste cadro:

• Ser extensivo
• Ser universal e necesario.
Segundo o filósofo prusiano, os tipos de xuízo serían os seguintes:

	SEGUNDO A EXTENSIÓN		SEGUNDO A VALIDEZ	
	Analíticos	Sintéticos	A priori	A posteriori
Características	Non son extensivos: non amplían o noso coñecemento. O predicado está comprendido no suxeito, especifica unha das súas características. É dicir, non nos comunica nada que non soubésemos.	Son extensivos: amplían o noso coñecemento. O predicado proporciona información nova, que non se pode extraer da análise do suxeito.	A súa verdade non depende da experiencia; podemos saber que son certos sen recorrer a ela. Por iso teñen validez universal e necesaria.	A súa verdade depende da experiencia, temos que comprobalos nela. Por iso non teñen validez universal; son contingentes.
Exemplos	«Os solteiros son non-casados.»	«A recta é a distancia máis curta entre dous puntos.»	«O todo é maior ca as partes.»	«O meu gato dorme no sofá.»

Á hora de establecer e fixar as posibilidades reais de obter coñecemento científico, hai que analizar (en terminoloxía kantiana, facer crítica) cales son a natureza, a función e os límites da razón. Nesa análise (a obra CRP), o filósofo avanza segundo este esquema:

	PARTES DA CRÍTICA DA RAZÓN PURA		
	Estética transcendental	Lóxica transcendental	
		Analítica transcendental	Dialéctica transcendental
Analiza a facultade de	Sensibilidade	Entendemento	Razón
Responde a pregunta	Como son posibles os xuízos sintéticos a priori en matemáticas?	Como son posibles os xuízos sintéticos a priori en física?	Son posibles os xuízos sintéticos a priori en metafísica?

Na **estética transcendental**, entón, analízase a primeira facultade que intervéñ no proceso de coñecemento: a **sensibilidade** (o que a Psicoloxía chama hoxe percepción). Se comparamos esta facultade en distintas especies, constatamos que a través dela formanse imaxes do mundo diferentes (non percibimos igual as cores, os sons...o noso sistema sensorial condiciónanos a ver o mundo dun modo determinado). A sensibilidade é como unha fiestra que nos abre ao mundo, pero que, ao mesmo tempo, nos condiciona a ver un pequeno fragmento del. Iso é así porque esta facultade está constituída por unhas estruturas que nos capacitan e nos limitan a recibir as impresións dun determinado modo. A maneira na que estamos deseñados nos obriga a ordenar todo o que percibimos no espazo e no tempo. **Espazo e tempo son as formas a priori da sensibilidade**, porque son anteriores á experiencia e determinan a maneira en que a podemos ter. As **intuicións** (as percepcións) que podemos ter son unha síntese do material sensorial e das estruturas internas (espazo e tempo) do propio suxeito.

Na **analítica trascendental** Kant analiza a segunda facultade cognoscitiva: o **entendemento**. Esta caracterízase pola **facultade de pensar ou realizar xuízos** a partir das intuicións (=percepcións) da sensibilidade. Faino mediante conceptos. Os conceptos agrupan a multiplicidade de impresións, dotándoas de sentido, convertíndose en instrumentos para pensar a realidade. Existen os **conceptos empíricos** (formados na experiencia, como casa, animal, ser humano...) e os que chama conceptos puros a priori, ou categorías.

As **categorías** non proveñen da experiencia, senón que son **estruturas a priori do entendemento**. Kant deduce doce categorías (que non hai que saberse, pero apunto para pillar de que van: totalidade, pluralidade, unidade, realidade, negación, limitación, sustancia, causa, reciprocidade, posibilidade, existencia e necesidade)

Cada unha delas constitúe un concepto baleiro de contido; necesita, polo tanto, o material que proporciona a sensibilidade para encherse e proporcionar coñecemento. Só a conxunción destes dous elementos permite entender o fenómeno ou obxecto de coñecemento.

Na **dialéctica trascendental**, analiza a terceira das facultades cognitivas: a **razón**. O proceso é gradual: así que a sensibilidade procurou impresións coas que encher as categorías do suxeito para entender o fenómeno, a razón relaciona estes xuízos construindo argumentos.

É dicir, razoamos para avanzar buscando principios máis xerais, do contrario o coñecemento sería fragmentario. Por exemplo: Newton **ve** caer a mazá (sensibilidade, intuición); Newton **entende** porqué cae a mazá (concepto de gravidade); Newton **razoa** que todos os obxectos han ter esa propiedade (ley da gravitación universal). Esta tendencia á abstracción e xeneraización está marcada polas formas a priori da razón: as tres ideas transcendentais.

IDEA DE ALMA	IDEA DE MUNDO	IDEA DE DEUS
Baixo esta idea, a razón subsume todos os fenómenos subxectivos procedentes da experiencia interna. Unifícao, dándolles identidade, baixo a idea de Eu.	Esta idea serve para unificar e tratar como un todo os fenómenos da experiencia externa. Así, considera que os fenómenos obxectivos proceden dun único e mesmo mundo.	Baixo esta idea agrupamos tanto os contidos da experiencia interna coma os contidos da experiencia externa. É, por iso, o principio máis xeral, en tanto que unifica os fenómenos do Eu e tamén os do Mundo.

Estas ideas valen como reguladoras dos nosos razoamentos na procura dun horizonte ideal que é imposible alcanzar. Ese é o seu uso correcto. Pero a metafísica tradicional incurriu nun erro, o de considerar o Eu, o Mundo e Deus como realidades obxetivas, como realidades que teñen un referente (sustancia); así a razón tentaría coñecer estas ideas, traspasando o límite do que é posible coñecer (aquilo do que se recibe percepción), e sería vítima de ilusións e enganos.

Por tanto, Kant **nega a posibilidade** de coñecemento científico no ámbito da **metafísica**: esta ocupábase das tres sustancias (“ideas transcendentais” en terminoloxía kantiana) como se fosen realidades últimas. El ve nesta práctica a ambición desmesurada da razón, que quere ir máis alá dos fenómenos e acceder á realidade en sí ou noumeno. A metafísica non é unha ciencia nin chegará nunca a selo: a liberdade persoal, a existencia de Deus ou a inmortalidade da alma xamáis poderán ser demostradas: a razón teórica non as pode resolver. Pero, sendo cuestións fundamentais para a nosa vida, para a acción humana, Kant defenderá que teñen cabida no ámbito da **razón práctica** (é dicir, da Ética). (...pero iso xa e outro capítulo, buf)

A modo de **epílogo**, cabe reseñar que Kant non é tan só un punto de chegada onde converxen as grandes ideas científicas e filosóficas anteriores, senón que ademáis é un punto de partida, ou, como mínimo un gran punto de referencia. A historia da filosofía do século XIX é, en gran parte, a historia da aceptación e da difusión, do combate ou rexeitamento, da evolución das ideas de Kant.

Kant marcou o camiño cara o recoñecemento rigoroso de estruturas innatas que nos permiten abrírnos ao mundo e entendelo. Diversos neurofisiólogos, especialmente Konrad Lorenz (1903-1989), no marco da teoría evolutiva do coñecemento e partindo da filosofía kantiana, falan dunhas estruturas a priori biolóxicas. Todos os seres vivos están dotados de determinadas estruturas innatas. Ningún ser vivo é, cando nace, un recipiente baleiro, unha tabula rasa, senón que ven equipado con disposicións específicas que posibilitan a súa aprendizaxe individual.

Respecto á teoría segundo a cal a existencia da ciencia depende da posibilidade dos xuízos sintéticos a priori, os epistemólogos ou filósofos da ciencia actuais tenden a rexeitar a crenza neste tipo de xuízo. Predomina a actitude de regresar á dicotomía anterior: os matemáticos consideran analíticos os seus xuízos, e os físicos consideran sintéticos os seus.

Non obstante, a distinción kantiana entre ciencia e metafísica é asumida por unha boa parte dos pensadores contemporáneos, aínda que isto non supuxo acabar definitivamente coa metafísica: a pesar da crítica kantiana á metafísica, esta sobreviviu. (O veremos cos pensadores contemporáneos)